

SR. JOSÉ MIÑONES CONDE

DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA

Área de industria e Enerxía

Praza de Ourense, nº 11, A Coruña, C.P. 15003.

Asunto: Alegacións ao Anuncio da área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Caaveiro de 78 MW e a súa infraestrutura de evacuación na provincia da Coruña. «BOE» núm. 142, do 15 de xuño de 2021. Código do proxecto: PEol-431.

Don/Dona _____ con DNI. Número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista do Anuncio da área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Caaveiro de 78 MW e a súa infraestrutura de evacuación na provincia da Coruña. «BOE» núm. 142, do 15 de xuño de 2021. Código do proxecto: PEol-431, por medio do presente escrito realiza as seguintes **ALEGACIÓNS:**

A ordenación do territorio de Galicia, tal e como se establece no Estatuto de Autonomía mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia. A última reforma da normativa que regula este asunto é a Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia. Nesta lei establécense unha serie de criterios e principios de actuación que veñen a condensar as normativas europeas tales como a Estratexia territorial europea, o Libro Verde sobre a cohesión territorial, a Axenda territorial da Unión Europea 2020 e a Estratexia Europa 2020, todas elas vertebradoras dunha concepción da ordenación do territorio que permita o “crecemento intelixente, sustentable e integrador”. Introdúcese o concepto de *infraestrutura verde*, coa intención de crear “unha rede interconectada dos espazos de maior valor ambiental, paisaxístico e cultural”. O proxecto obxecto de alegacións colisiona cos principios enunciados na devandita Lei 1/2021, tal e como se xustificará ao longo destas alegacións:

Artigo 4. Desenvolvemento territorial sustentable, dado que se poñen en risco recursos económicos asentados na zona afectada, recursos naturais, de augas, paisaxísticos, etc.

Artigo 5. Racionalidade territorial, posto que se produce unha sobrecarga produtiva da zona afectada polo Parque Eólica, tendo en conta a existencia de parques no propio Concello de A Capela e nos concellos lindeiros.

Artigo 6. A cohesión social e económica e a perspectiva de xénero dado que o proxecto non contribúe a fomentar emprego local de forma permanente, non pon en valor as formas de vida locais nin os valores propios do territorio afectado, non contribúe a mellorar a calidade de vida nin a diminuír o impacto dos roles de xénero.

Artigo 7. A paisaxe, tendo en conta que se crean impactos visuais que afectan a espazos de enorme valor paisaxístico e simbólico. A lei recoñece “o dereito da poboación a vivir nun contorno cultural, social e ambientalmente significativo”.

Artigo 8. O sistema rural e costeiro non urbano de Galicia. O proxecto non só non ten en conta as formas territoriais históricas, senón que o fracciona, dificultando desta forma “a permanencia no territorio da súa poboación”.

Artigo 9. A infraestrutura verde. O fraccionamento do territorio que provoca o proxecto é contraditorio co concepto de infraestrutura verde, que procura a interconexión das zonas verdes de Galicia.

Partindo deste marco xeral que debe tomarse como referencia á hora de realizar proxectos que teñan incidencia no territorio de Galicia, pasamos a continuación a enunciar unha a unha as alegacións ao Proxecto Parque Eólico Caaveiro de 78 MW e a súa infraestrutura de evacuación, así como á súa Memoria de Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural e o seu Estudo de Impacto Ambiental:

ALEGACIÓN PRIMEIRA: Defectos de forma.

Incumprimento da Ley 39/2015, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas e do dereito constitucional á participación en asuntos de carácter público.

Art. 15. Lengua de los Procedimientos.

1. *“La lengua de los procedimientos tramitados por la Administración del Estado será el castellano. No obstante lo anterior, los interesados que se dirijan a los órganos de la Administración General del Estado con sede en el territorio de una Comunidad Autónoma podrán utilizar la lengua que sea cooficial en ella (...)”*

- Incumprimento do Artigo 3 da Constitución Española, que establece que a lingua oficial de España é o castelán e as linguas.
- Incumprimento do Artigo 5.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia, que establece que a lingua cooficial de Galicia é o Galego.
- Incumprimento do Artigo 23 da Constitución Española que asenta o dereito a participación en asuntos de carácter público.

O documento do proxecto denominado: “ANEXO I. INFORMACIÓN ADICIONAL AEROGENERADOR PARQUE EÓLICO “CAAVEIRO”, ACCESOS Y SUS INFRAESTRUCTURAS ELÉCTRICAS DE EVACUACIÓN”, preséntase redactado en lingua inglesa, non oficial no territorio da Comunidade autónoma de Galicia, o cal sería causa de nulidade, atendendo ao artigo nomeado, debendo requirirse á empresa promotora a presentación do documento na lingua oficial. Neste caso, debería suspenderse o actual procedemento, á espera da presentación correcta da documentación. Deberase abrir un novo prazo de información pública a partir da data de presentación do documento consonte ao artigo citado.

- incumprimento do Artigo 15 da Ley 39/2015 vulnera, ademais, o dereito a participación da cidadanía por medio do trámite de información pública, dado que a totalidade do proxecto debe cumprir os requisitos legais establecidos na normativa vixente.

ALEGACIÓN SEGUNDA: nulidade por tramitación incompleta.

- Incumprimento da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Art. 5. Aos efectos da avaliación ambiental estratéxica regulada nesta lei, entenderase por:

“ c) Estudio ambiental estratéxico”: estudio elaborado polo promotor que, sendo parte integrante do plan ou programa, identifica, describe e analiza os posibles efectos significativos sobre o medio ambiente derivados ou que poidan derivarse da aplicación do plan ou programa, así como unhas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables, que teñan en conta os obxectivos e o ámbito territorial de aplicación do plan ou programa, co fin de previr ou corraxir os efectos adversos sobre o medio ambiente da aplicación do plan ou programa.(...)”

(...) 3. Para os efectos da avaliación de impacto ambiental de proxectos regulada nesta lei e sen prexuízo das definicións contidas na normativa sobre instalacións nucleares e radioactivas, entenderase por:

(...) c) “Estudio de impacto ambiental”: documento elaborado polo promotor que acompaña ao proxecto e identifica, describe, cuantifica e analiza os posibles efectos significativos sobre o medio ambiente derivados ou que poidan derivarse

do proxecto, así como a vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou de catástrofes, o risco de que se produzan devanditos accidentes graves ou catástrofes e a obrigatoria análise dos probables efectos adversos significativos no medio ambiente en caso de ocorrencia. Tamén analiza as diversas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables, e determina as medidas necesarias para previr, corrixir e, no seu caso, compensar, os efectos adversos sobre o medio ambiente.”

- Incumprimento do Decreto–ley 16/2019, de 26 de novembro, de medidas urgentes para la emergencia climática y el impulso a las energías renovables.

Art. 15.2 “El Departamento competente en materia de energía, en el plazo de un mes a contar desde la comprobación de la suficiencia e idoneidad de la documentación aportada por la persona promotora, tiene que someter la documentación presentada al trámite de información pública durante un periodo mínimo de 30 días. El anuncio de información pública tiene que detallar que aquella tiene efectos en los siguientes procedimientos administrativos: procedimiento para la obtención de la autorización administrativa previa y de construcción del parque eólico o la planta solar fotovoltaica y, si procede, para su declaración de utilidad pública; procedimiento para la autorización del proyecto de actuación específica de interés público en suelo no urbanizable, y procedimiento de evaluación de impacto ambiental del proyecto del parque eólico o de la planta solar fotovoltaica.”

Do mesmo xeito incúmpranse as seguintes normativas:

- **Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental e o Convenio de Aarhus de 1998 sobre o acceso á información, a participación do público e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente**, que garanten o acceso público a información ambiental que obre en poder das autoridades públicas ou doutras entidades no seu nome, tanto cando se lles solicite como mediante divulgación activa.
- **Decisión 2005/370/CE do Consello, do 17 de febreiro de 2005 sobre a celebración, en nome da Comunidade Europea, do Convenio sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente** (DO L 124 de 17.5.2005, pp. 1-3).
- **Regulamento (CE) nº. 1367/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativo á aplicación, ás institucións e aos organismos comunitarios, das disposicións do Convenio de Aarhus sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente** (DO L 264 de 25.9.2006, pp. 13-19).
- **Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente** (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

O Parque Eólico Caaveiro forma parte dun conxunto de 6 parques eólicos situados na zona noroccidental da provincia da Coruña, en desenvolvemento por parte de Enel Green Power España S.L. O conxunto dos parques eólicos, denominados Caaveiro, Tesouro, Barqueiro, Badulaque, Santuario e Moeche teñen prevista unha potencia instalada conxunta de 611 MW e conectan nun mesmo punto de conexión á Rede a Subestación de REE As Pontes.

Segundo se desprende dos proxectos dos parques eólicos de Caaveiro e Tesouro, as seis instalacións antes referidas dispoñen de permiso de acceso nun mesmo nó da rede de transporte (As Pontes de García Rodríguez 400 kV). Prevese que os parques eólicos Barqueiro, Badulaque e Moeche compartirán o tramo de liña que transcorre entre a subestación do parque eólico Moeche e a subestación colectora situada nas inmediacións de As Pontes de García Rodríguez 400 kV. Á súa vez, os parques eólicos Barqueiro e Badulaque compartirían o tramo de liña que transcorre entre a subestación do parque eólico Badulaque e a subestación do parque eólico Moeche. A subestación colectora 220/400 kV, así como a súa conexión eléctrica coa posición correspondente da subestación As Pontes de García Rodríguez 400 kV sería compartida polo conxunto de parques eólicos.

- A infraestrutura de evacuación do parque eólico Caaveiro consta da seguinte infraestrutura de evacuación eléctrica:
 - Subestación Caaveiro 33/220 kV
 - Liña aérea 220 kV SE Caaveiro– SE Tesouro
Compartida para os proxectos Tesouro e Caaveiro:
 - Liña aérea 220 kV SE Tesouro– SE Colectora Renovables As Pontes
Compartidas para os proxectos de Barqueiro, Badulaque, Moeche, Caaveiro, Tesouro e Santuario:
 - SE Colectora Renovables As Pontes 220/400 kV
 - Liña soterrada 400 kV SE Colectora Renovables As Pontes – LLAS Pontes REE
 - Liña soterrada 400 kV SE Colectora Renovables As Pontes – Transformador Grupo 3 Térmica As Pontes

- Trazado da liña aérea:
 - A orixe da Liña Aérea será o Pórtico da S.E. T. “P.E. Caaveiro”, desde onde e a través de 36 aliñacións, chegarase ao pórtico da S.E. T. “Colectora AS PONTES”.
 - A lonxitude total da liña é de 22.754,05 m, discorrendo polos termos municipais As Pontes, na provincia da Coruña.
 - A subestación colectora “SET Colectora 220/400 kV As Pontes” é común para varios PPEE da zona, e atoparase dentro do polígono “Industrial ENDESA” na cal se atopa instalada a central térmica Pontes García Rodríguez, no municipio das Pontes provincia da Coruña.

Os seis parques eólicos referenciados, a pesar de compartir instalacións de conexión e a mesma área xeográfica (comarcas do Eume e Ferrol –Terra), sométense por separado a avaliación ambiental ordinaria, obviando que se trata dun plan empresarial único que desenvolverá a mesma promotora, no mesmo ámbito xeográfico comarcal e con permiso de acceso nun mesmo nó da rede de transporte (As Pontes de García Rodríguez 400 kV).




Figura 4.4.2.b. Cuenca visual de la situación actual con proxecto e outros proxectos projectados: Escenario 2.

Imaxe do proxecto eólico Caaveiro: puntos vermellos, p.e. Santuario; en malva, p.e. Tesouro; en cor branca, p.e. Badulaque; en azul, o p.e. Moeche; en cor verde, o p.e. Caaveiro e en cor laranxa, o p.e. Barqueiro.

Como se pode apreciar na imaxe, a área de estudo (polígono de cor negra) non se corresponde coa totalidade dos parques eólicos e instalacións de conexión previstas pola mercantil promotora, polo que esta xa está a excluír a avaliación ambiental dos impactos dos proxectos industriais ubicados fóra desta.

A empresa promotora incorre nunha falta que podería cualificarse como **fraude de lei** ao presentar de forma fraccionada os 6 proxectos de parques eólicos, coas correspondentes infraestruturas de evacuación eléctrica, impedindo desta forma coñecer o impacto do conxunto de parques sobre o territorio en todas a súas diversas afeccións. Podemos afirmar, polo tanto que se **incumpre o trámite de información pública** que afecta, como se pode comprobar no citado artigo 15 do **Decreto-ley 16/2019, de 26 de novembro, de medidas urgentes para la emergencia climática y el impulso a las energías renovables**, non só á avaliación de impacto ambiental. Neste mesmo trámite estudárase a conveniencia de declaralo de utilidade pública e de autorizar o proxecto de actuación específica de interese público en solo non urbanizable.

Como resulta evidente, o impacto sobre o territorio que terá a implantación dos 6 parques eólicos previstos no proxecto é dun enorme calado, dado que determina o uso do territorio no cadrante noroeste da provincia de A Coruña. Elúdese desta maneira o impacto ambiental acumulado.

Presentalos como proxectos separados impide o dereito da cidadanía á participación, que se fai efectivo a través do trámite de información pública durante o cal é posible presentar alegacións.

Por outra banda, dadas as características do devandito plan industrial que prevé o desenvolvemento de toda unha complexa infraestrutura eólica nunha concreta área xeográfica, en cumprimento da normativa vixente debería someterse con carácter previo á correspondente avaliación ambiental estratéxica. Deste modo facilitaríase a incorporación dos criterios de sustentabilidade na toma de decisións estratéxicas para as comarcas afectadas.

Substraer da participación pública e por tanto da avaliación por parte desta de determinadas infraestruturas, polo mero feito de ser compartidas é unha violación severa do espírito de Aarhus e dos dereitos fundamentais inalienables do ser humano, xa que está a impedir e obstaculizar a avaliación global, sumativa e sinérxica dos impactos ambientais do conxunto das infraestruturas do proxecto industrial.

A avaliación ambiental dos impactos da totalidade das infraestruturas do proxecto industrial debe permitir á cidadanía a valoración conxunta, global, sinérxica e sumativa destes, en todas as fases de execución e durante o funcionamento do parque.

Un efecto colateral do fraccionamento da tramitación do macroproxecto é a saturación da administración pública galega, tanto no tocante á presentación por parte da cidadanía e das organizacións de sociedade civil, como no estudo en profundidade dos documentos dos proxectos, por parte dos organismos competentes nos prazos legalmente establecidos. Deste xeito prodúcese unha merma da capacidade da administración para responder adecuadamente por saturación do sistema.

ALEGACIÓN SEGUNDA BIS. Defecto no Estudo de Impacto Ambiental, ao non analizarse os efectos do Parque Eólico en toda a extensión da poligonal e infraestruturas de evacuación, así como da acumulación de proxectos nunha mesma área.

O parque eólico desenvólvese sobre unha poligonal dun 48,77 km² e a súa liña eléctrica de evacuación posúe unha lonxitude de 22,75 km, desde onde parte un curto tramo de 650 metros de LAAT 400 kV en subterráneo ata a SET As Pontes de García Rodríguez 400 kV, propiedade de REE.

Á vista da superficie desta poligonal, evidentemente sobredimensionada, a mercantil promotora debe explicar canto abarcarían as poligonais dos outros cinco parques previstos e cantas poligonais se suporpoñen entre si. Neste caso sería de aplicación o artigo 33 da Lei 8/2009 de aproveitamento eólico de Galicia, que regula a actuación en caso de concorrencia e solapamento de dúas ou máis poligonais nun mesmo territorio. *(Esta superficie suporía o equivalente a 13.000 campos de fútbol profesionais).*

ALEGACIÓN TERCEIRA. Sobre a declaración de utilidade pública.

1.- Non existe solicitude de declaración pública por parte da empresa, que segundo a Lei 8/2009 de aproveitamento eólico de Galicia requiriría solicitude expresa por parte da promotora que sería exposta a información pública no mesmo prazo que o Estudo de Impacto Ambiental.

2.- Ademais, o artigo 15 do Decreto-ley 16/2019, de 26 de novembro, de medidas urgentes para la emergencia climática y el impulso a las energías renovables, citado máis arriba, establece a obriga de que se faga constar no anuncio de información pública *“que aquela tiene efectos en los siguientes procedimientos administrativos: procedimiento para la obtención de la autorización administrativa previa y de construcción del parque eólico o la planta solar fotovoltaica y, si procede, para su declaración de utilidade pública; procedimiento para la autorización del proyecto de actuación específica de interés público en suelo no urbanizable, y procedimiento de evaluación de impacto ambiental del proyecto del parque eólico o de la planta solar fotovoltaica.”*

O anuncio publicado pola Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia no BOE do 15 de xuño, fai referencia tan só á información pública da solicitude de autorización administrativa e á avaliación de impacto ambiental.

3.- Por outra banda, a Sección IV da Lei 1/2021 de Ordenación do Territorio de Galicia regula os Proxectos de Interese Autonómico. No seu artigo 40.6, establécese que:

Art. 40.6. “No caso de proxectos de iniciativa privada que impliquen a transformación urbanística do solo, a persoa promotora deberá acreditar a aceptación polas persoas propietarias que representen máis do 50% da superficie total do ámbito de actuación do proxecto.”


Esta cuestión non se fai constar na documentación exposta a información pública do proxecto, co cal entendemos que non se presenta por parte da promotora.

4.- Aínda que o artigo 40.3.a) da Lei 1/2021 de Ordenación do Territorio de Galicia establece que serán “proxectos de interese autonómico previstos” aqueles que “teñen por obxecto planificar e proxectar a execución de actuacións previstas nun plan sectorial vixente”, e a pesar de que existe un Plan Sectorial Eólico Galego, non podemos dar por cumprido este requisito, tal e como pasamos a argumentar. O Plan Eólico de Galicia non é un documento aprobado seguindo o requisito de avaliación do seu impacto ambiental e consecuente exposición a información pública. Polo tanto non é un documento que poida considerarse legalizado e non pode ser empregado como base para determinar a declaración de utilidade pública por defecto. Polo tanto, concluímos que non existe Plano Sectorial Eólico ao que a empresa poida acollerse para obviar a solicitude expresa de declaración de utilidade pública, como indica o artigo 40.3.b) da Lei 1/2021 de Ordenación do Territorio de Galicia, sobre os proxectos de utilidade pública non previstos.

Por tanto, e tendo en conta que existen valores ligados ao territorio sobre o cal se pretende realizar a actuación que son considerados no Plan Básico de Galicia como de interese xeral, facemos constar os seguintes razoamentos xurídicos:

1.- Elementos dos territorio considerados de interese xeral ou que requiren especial protección:

- a) Tanto no PXOM do Concello de A Capela como no Plan Básico de Galicia, aparecen reflectidas figuras de protección do solo rústico: solo rústico de protección forestal, agropecuaria, de augas, de patrimonio, núcleos rurais.
- b) O artigo 5.4 da Lei 7/2012 de Montes de Galicia establece que *“A conservación, a expansión e o aproveitamento das masas forestais, segundo os criterios de xestión forestal sustentable e o disposto nesta lei, son de interese público, sen prexuízo do réxime da propiedade.”*
- c) Existen dous espazos naturais de especial protección, así como Hábitats de Interese Comunitario e especies de flora e fauna que están suxeitas a estatus de protección. Todos eles son contemplados como bens de interese xeral que deben ser protexidos ante actuacións que poidan danalos.



A eventual declaración de utilidade pública, se chegase a producirse, colidiría con estes valores.

2.- Tal e como figura na Lei 1/2021 de Ordenación do Territorio de Galicia, as actuacións sobre o territorio deben realizarse respectando os principios de racionalidade, sustentabilidade, a solidariedade interxeneracional que se traduce en garantir a calidade de vida das xeracións vindeiras, a protección do medio natural, a promoción da cohesión e da integración social, a garantía do dereito á igualdade.

Polo tanto, a xustificación que presenta o proxecto para a súa realización baseándose na necesidade de mudar o modelo enerxético e procurar formas de obtención de enerxías limpas é insuficiente cando se trata dun proxecto de tan grandes dimensións e que terá un forte impacto sobre o territorio que non se adapta aos criterios nomeados.

Galicia, e en concreto a zona onde se propón a instalación do Parque Eólico Caaveiro, é xa produtora de enerxía eólica e é excedentaria na produción de enerxía. Non responde ao principio de racionalidade a sobrecarga produtiva que se pretende impoñer nunha zona con altos valores paisaxísticos, naturais, forestais, agropecuarios, hídricos e na que a actividade forestal e gandeira, así como o sector turístico, teñen unha gran relevancia na economía local.

Non se cumpre o principio de economía circular pois apenas reverte na economía local. A empresa declara que durante os 10 meses de instalación do parque se crearán 390 postos de traballo. Non obstante, para os 25 anos de explotación do mesmo contémpase que o mantemento suporá tan só 7 postos de traballo.

No tocante ás rendas que a promotora asegura recibirán as persoas propietarias das fincas afectadas (EslA, páx. 350). A realidade non é tan favorable dado que o primeiro efecto que terá sobre os terreos a existencia do parque será a súa devaluación.

No tocante ao Concello de A Capela, non se instalará ningún aeroxenerador en fincas do termo municipal dentro do proxecto Caaveiro. Non obstante, varios dos aeroxeneradores situados en terreos de concellos colindantes atópanse na proximidade de fincas do Concello de A Capela, algunhas delas pertencentes a núcleo rural ou vivendas individuais.

Pola contra, o impacto visual do Parque terá previsiblemente un efecto negativo na afluencia de visitantes aos espazos de interese natural e paisaxística sitos no Concello de A Capela e nos concellos limítrofes, así como aqueles que acoden seguindo camiños e roteiros.

No canto á LAAT 220kv, o seu paso por terreos forestais e agropecuarios ou polas inmediacións de núcleos rurais e vivendas illadas ten un impacto similar de devaluación do valor dos inmobles e das fincas.

O estudo de alternativas non cuestiona que a ubicación do proxecto sexa sustentable. Partindo da premisa de que será realizado coa dimensión predeterminada de 78kw e nunha área xeográfica determinada, o único estudo de alternativas refírese ao emprazamento de cada aeroxenerador e dos tramos da LAAT, que como veremos máis adiante tampouco se realiza de forma detallada nin priorizando a preservación da calidade de vida das persoas residentes nas zonas afectadas.

A modo de conclusión deste apartado, a transición enerxética debe responder aos principios de sustentabilidade e non pode supoñer a destrución do rural, que como vimos é obxecto de políticas comunitarias e estatais de promoción dos seus valores e de protección para a súa pervivencia. Debe antepoñerse o interese común sobre o empresarial e estudar alternativas de produción enerxética que non dependan da centralización dos recursos de explotación e transporte, que por outra banda son menos eficientes.

ALEGACIÓN CUARTA: información enganosa ou inexacta.

A cidadanía ten dereito a recibir información veraz e fiable e é deber das administracións velar por que así sexa.


A información aportada polo proxecto é inexacta ou falsa en ao menos tres aspectos:

1.-Ubicación da poligonal do parque e a súa relación co Parque ZEC Fragas do Eume.

Os mapas aportados na documentación representan os límites do Parque Fragas do Eume nunha cor salmón pálida que dificulta a claridade necesaria para coñecer as distancias con respecto da poligonal do parque e saber se existe superposición.

Por outra banda no EsIA, na páx, o cadro especifica con absoluta claridade que non se produce superposición dos terreos da poligonal e os do Parque Fragas do Eume.

Non obstante, ao trasladar as coordenadas a un mapa pode observarse como efectivamente si se produce superposición e que a poligonal invade terreos do Parque Fragas do Eume nas proximidades do vértice xeodésico de Soaserra.



Mapa de creación propia. Á área de cor rosa corresponde á poligonal do PE Caaveiro e a verde ao Parque Natural Fragas do Eume.

2.- Información incompleta ou inadecuada dos elementos patrimoniais, naturais, paisaxísticos e hidrográficos.

Como se argumentará pormenorizadamente nos apartados seguintes, a información aportada polo proxecto minimiza a relevancia de diversos valores territoriais catalogados. Especialmente salientables son:

- Desestimar a gran cantidade de regos e afluentes dos ríos principais que o proxecto nomea e que conforman a rede hidrográfica característica do territorio que se describe. O proxecto obvia a análise do impacto sobre a totalidade desta rede hidrográfica.
- Non ter en conta o impacto paisaxístico e consecuentes prexuízos no tocante ao sector turístico e servizos sobre lugares de especial interese natural e paisaxística como poden ser a Fervenza do Río Beelle, sita no termo municipal de Neda ou as Fragas do Eume.
- No tocante ao patrimonio detectamos unha avaliación indebida do campo de mámoas, de tal forma que se avalía o impacto do paso dun vial sobre cada unha delas (GA 15035001, GA 15035017, GA 15035018, GA 15035019, GA 15035020, GA 15035030) en lugar de indicar que o vial atravesa polo medio do conxunto arqueolóxico (Páx 95 e seguintes da Avaliación de impacto cultural).



3.- Na avaliación do impacto das sinerxias no ámbito socioeconómico indícanse os seguintes datos (Páx. 234 do EsIA):

“- Impactos positivos a la socioeconomía:

- *Generación de empleo y desarrollo rural derivado de las actividades derivadas del mantenimiento y funcionamiento de las instalaciones. Rango de sinergia Alta.*

- Impactos positivos de la energía:

- *Transición energética, ahorro de CO2 y lucha contra el cambio climático por la producción de energía a partir de una fuente renovable: Rango de sinergia Muy Alta.”*

Como xa sinalamos máis arriba, o proxecto dará lugar á creación de 390 postos de traballo durante os 10 meses de instalación do mesmo, sendo polo tanto un beneficio temporal. Durante o período de explotación (25 anos), dará lugar a tan só 7 postos de traballo. Pola contra, o estudo non informa sobre as repercusións nas actividades económicas asentadas no territorio.

No tocante á transición enerxética, o balance de sinerxia “Moi Alta” non ten en conta que a transición enerxética, segundo a normativa vixente, debe guiarse polo principio de sustentabilidade, como xa se argumentou máis arriba.

ALEGACIÓN QUINTA: alegacións á Avaliación de Impacto Cultural.

1.- Prexuízos significativos no patrimonio cultural e arqueolóxico. Afección severa e incompatible. Descontextualización do patrimonio cultural:

Patrimonio arqueolóxico especialmente afectado polas obras a realizar dentro dos seus ámbitos de protección:

O propio estudo de Avaliación de Impacto Cultural recoñece que o proxecto afecta a diversos bens patrimoniais catalogados, inventariados ou inéditos. En concreto, indica o proxecto que o impacto é moderado no caso de 19 mámoas afectadas, a ponte do Río Belette na Ribeira e o Muíño da Ribeira. Ademais tres mámoas sitas no Monte Marraxón, outras tres que se atopan no Monte da Louseira e a Cruz 01, tamén no Monte da Louseira, vense afectadas por impactos de tipos severo.

Como fixemos constar nun apartado anterior, ao menos nun dos casos, a avaliación do impacto faise de forma indebida, ao estudar un conxunto arqueolóxico formado por seis mámoas, non de forma unificada, que obrigaría a recoñecer que o vial atravesa diametralmente o elemento patrimonial. Pola contra o que fai é medir as distancias que garda o vial con respecto de cada mámoa, resultando aínda así o impacto severo en tres delas.

A pesar de todo, a empresa promotora considera compatible a actividade coa preservación de ditos bens patrimoniais, proponendo como medida de prevención a supervisión arqueolóxica.

2.- Patrimonio cultural inmaterial

O proxecto eólico fica nas inmediacións de diversos bens do patrimonio cultural. A descontextualización do patrimonio cultural é evidente. Sen avaliar por parte da promotora.

ALEGACIÓN SEXTA: alegacións ao Estudo de Impacto Ambiental

1.- Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.

“Artigo 2

1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.

2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.

“Artigo 6

1. Con respecto ás zonas especiais de conservación, os Estados membros fixarán as medidas de conservación necesarias que implicarán, no seu caso, adecuados plans de xestión, específicos aos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento, e as apropiadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais, que respondan as esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais do Anexo I e das especies do Anexo II presentes nos lugares.

2. Os Estados membros adoptarán as medidas apropiadas para evitar, nas zonas especiais de conservación, a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivasen a designación das zonas, na medida en que ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta a os obxectivos da presente Directiva.

3. Calquera plan ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de forma apreciable aos citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do devandito lugar. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no apartado 4, as autoridades nacionais competentes só se declararán de acordo co devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública”.

2.- Impactos ambientais severos:

2.1.- Prexuízos significativos e incompatibles coa protección dos valores da Zona de Especial Conservación (ZEC), Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) e Lugar de Interese Comunitario (LIC), denominado “Xubia-Castro”. Afección moi severa e prexuízos significativos e incompatibles coa ZEC ES1110003 “Fragas do Eume”.

A liña de evacuación 220 kV, discorre ao sur do ZEC/ ZEPVN Xubia Castro no seu primeiro tramo, mentres que, no seu segundo tramo, así como a SET Colectora 220/400 kV e LAAT 400 kV discorren ao norte e este de o PE “Caaveiro”, á beira do espazo protexido e dentro da poligonal do parque.

A escasos metros do aeroxerador C05, e a 1,3 km ao sur do aeroxerador C13 localízase a presenza dun espazo catalogado como Zona de Especial Conservación (ZEC), Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) e Lugar de Interese Comunitario (LIC), denominado “Xubia-Castro”.

- Aproximadamente a 500 metros ao suroeste da zona de implantación do aeroxerador colocado máis ao sur (C09), atópase o Parque Natural “Fragas do Eume” (Decreto 218/1997, do 30 de xullo, polo que se declara o parque natural das Fragas do Eume), o cal ademais está catalogado como ZEC, ZEPVN, LIC e Área de Especial Interese Paisaxístico.

A ZEC ES1110003 “Fragas do Eume” está situada a escasos 500 m ao sur do PE “Caaveiro” e as especies non distinguen de límites nin fronteiras.

No límite sur da poligonal, o PE Caaveiro superponse co Parque Natural Fragas do Eume.

2.1.a) ZEC ES1110013 “Xubia-Castro”:

Xuvia-Castro é un espazo natural galego declarado zona especial de conservación (ZEC) que abrangue 2.074 ha dos concellos de A Capela, Moeche, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas e As Pontes de García Rodríguez, percorridos polo río Xuvia e o seu afluente o Castro e que conserva gran parte dos bosques tradicionais de ribeira. Na parte alta do río Castro, na Serra do Forgoselo, localízase unha grande extensión de torgueiras ben conservadas. A altitude media é de 407 m. e pertence á rexión bioclimática atlántica.

Hábitats:

- Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*).
- Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.
- Estanques temporais mediterráneos.
- Uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix**
- Uceiras secas europeas.
- Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo.
- Turbeiras de cobertor.
- Pendentes rochosas silíceas con vexetación casmofítica.
- Bosques aluviais de ameneiro (*Alnus glutinosa*) e freixo.
- Bosques de castiñeiro (*Castanea sativa*).
- Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.

***O HIC 4020 Uceiras húmidas atlánticas ten o valor engadido no ZEC Xubia-Castro de contar coa presenza da especie *Erica Mackaiana*, endemismo do noroeste peninsular, o que levou á Unión Europea a consideralo como prioritario para a ampliación da Rede Natura 2000.**

Flora:

- Esfagno (*Sphagnum pylaisii*).

Fauna:

- Lontra (*Lutra lutra*).
- Gabián (*Accipiter nisus*).
- Ferreiriño subeliño (*Aegithalos caudatus*).
- Merlo rieiro (*Cinclus cinclus*).
- Falcón pequeno (*Falco subbuteo*).
- Ouriolo (*Oriolus oriolus*).
- Papuxa montesa (*Sylvia undata*).
- Salamántiga (*Chioglossa lusitanica*).
- Lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*).

Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CE

Código	Denominación
1130	Esteiros
3130	Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de <i>Littorelletea uniflorae</i> e/ou <i>Isoeto-Nanojuncetea</i>
3160	Lagos e estanques distróficos naturais
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitricho-Batrachion</i>
4020*	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i> *
4030	Queirogais secos europeos

6220*	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6230*	Formacións herbosas con <i>Nardus</i> , con numerosas especies, sobre substratos silíceos de zonas montañosas (e de zonas submontañosas da Europa continental)
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxilo-limosos(<i>Molinion caeruleae</i>)
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude (<i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i>)
7110*	Turbeiras altas activas
7120	Turbeiras altas degradadas que aínda poden rexenerarse de xeito natural
7140	'Mires' de transición
7150	Depresións sobre substratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	Covas non explotadas polo turismo
91E0*	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>)
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>

*Con *Erica Mackaiana*, endemismo do noroeste peninsular, no caso do ZEC Xubia-Castro.

Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes	Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Culcita macrocarpa</i>	<i>Elona quimperiana</i>	<i>Chondrostoma polylepis</i>	<i>Chioglossa lusitánica Bocage</i>	<i>Lutra lutra</i>
<i>Woodwardia radicans</i>	<i>Euphydryas aurinia</i>		<i>Hyla arborea L.</i>	<i>Myotis myotis</i>
	<i>Geomalacus maculosus</i>		<i>Rana iberica Boulenger</i>	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
	<i>Lucanus cervus</i>		<i>Rana temporária (subsp. Parvipalmata Seoane)</i>	<i>Rhinolophus hipposideros</i>
			<i>Lacerta monticola</i>	

Instrumentos de planificación

- Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014
- Plan de ordenación dos recursos Naturais (P.O.R.N.) do Parque natural "Fragas do Eume". Decreto 211/1996

Outras figuras de protección

- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais "Fragas do Eume" de 9.127 ha.

2.1.b) ZEC ES1110003 "Fragas do Eume":

Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Código	Denominación
3160	Lagos e estanques distróficos naturais
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitriche-Batrachion</i>
3270	Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de <i>Chenopodion rubri</i> p.p. e de <i>Bidention</i> p.p.
4020*	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i> *
4030	Queirogais secos europeos
5230*	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6220*	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6230*	Formacións herbosas con <i>Nardus</i> , con numerosas especies, sobre substratos silíceos de zonas montañosas (e de zonas submontañosas da Europa continental)
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxilo-limosos(<i>Molinion caeruleae</i>)
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude (<i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i>)
7110*	Turbeiras altas activas
7140	'Mires' de transición

7150	Depresións sobre substratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>
8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	Covas non explotadas polo turismo
9180*	Bosques de encostas, desprendementos ou barrancos do <i>Tilio-Acerion</i>
91E0*	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>)
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>
9260	Soutos

*Con *Erica Mackaiana*, endemismo do noroeste peninsular, no Parque Natural Fragas do Eume.

Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes	Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Culcita macrocarpa</i>	<i>Coenagrion mercuriale</i>	<i>Chondrostoma polylophus</i>	<i>Chioglossa lusitánica</i> Bocage	<i>Barbastella barbastellus</i>
<i>Narcissus asturiensis</i>	<i>Elona quimperiana</i>		<i>Hyla arbórea</i> L.	<i>Galemys pyrenaicus</i>
<i>Narcissus cyclamineus</i>	<i>Euphydrys aurinia</i>		<i>Rana iberica</i> Boulenger	<i>Lutra lutra</i>
<i>Sphagnum pylaisii</i>	<i>Geomalacus maculosus</i>		<i>Rana temporária</i> (subsp. <i>Parvipalmata</i> Seoane)	<i>Myotis bechsteinii</i>
<i>Trichomanes speciosum</i>	<i>Lucanus cervus</i>		<i>Lacerta monticola</i>	<i>Myotis emarginatus</i>
<i>Woodwardia radicans</i>	<i>Margaritifera margaritifera</i>			<i>Myotis myotis</i>
				<i>Rhinolophus euryale</i>
				<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
				<i>Rhinolophus hipposideros</i>

Instrumentos de planificación

- Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014
- Plan de ordenación dos recursos Naturais (P.O.R.N.) do Parque natural “Fragas do Eume”. Decreto 211/1996

Outras figuras de protección

- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais “Fragas do Eume” de 9.127 ha.
- Plan de ordenación dos recursos Naturais (P.O.R.N.) do Parque natural “Fragas do Eume”. Decreto 211/1996

2.2. Afeccións a estes espazos:

2.2.1 Prexuízos significativos e incompatibles coa protección dos valores do Parque Natural “Fragas do Eume” (Decreto 218/1997, do 30 de xullo, polo que se declara o parque natural das Fragas do Eume), o cal ademais está catalogado como ZEC, ZEPVN, LIC e Área de Especial Interese Paisaxístico.

O PE Caaveiro invade o Parque Natural Fragas do Eume, que é solo de exclusión para explotacións eólicas, segundo o artigo 31 da Lei 8/2009 de aproveitamento eólico de Galicia:

Art. 31. “Quedan excluídos da implantación de parques eólicos aqueles espazos naturais declarados como zonas de especial protección dos valores naturais para formar parte da Rede Natura 2000, con arreglo á normativa vixente en cada momento, agás os proxectos de repotenciación”.

É preciso lembrar que xa en 2015 a Comisión Europea iniciou un procedemento infractor por incumprimento das obrigas, como per exemplo do Plan Reitor do Parque Natural Fragas do Eume. Instábase ao estado a completar o proceso de designación da zona de especial conservación (ZEC) e a adoptar uns obxectivos de conservación detallados e específicos.

A proximidade dos aeroxeneradores, a menos dun quilómetro de distancia, e a superposición coa poligonal do PE Caaveiro empeoran a situación, supoñendo unha grave afección no tocante á conservación da biodiversidade ao non asegurar a conexión de poboacións de fauna e flora e a preservación da diversidade xenética sobre todo nas especies ameazadas. Por outra banda, ponse en risco a preservación dos corredores que interconectan as zonas de protección da área afectada polo macroproxeito coa fin de “protexer os espazos naturais sen illalos, incluíndo en caso necesario a definición de zonas de transición”, tal e como se require na Estratexia Territorial Europea.

Esta é unha cuestión reclamada pola sociedade civil dende hai máis dunha década.

2.2.2 No tocante ao ZEC Xubia Castro, existe unha gabiá de MT que o cruza cando discorre ao longo do Río Castro, o cal se sitúa a escasos 750 e 1.000 metros dos aeroxeneradores C05 e C12.

2.2.3 A LAAT, que discorre paralelamente ao límite sur do ZEC Xubia-Castro, corta o corredor natural que conecta este espazo co Parque Natural Fragas do Eume.

Estes corredores teñen un enorme valor para a preservación da biodiversidade recoñecido pola normativa comunitaria. De feito a área á que facemos referencia foi proxectada para a ampliación da Rede Natura 2000, en cumprimento das esixencias impostas pola Unión Europea, aínda que dito proxecto está pendente de aprobación.

Dende hai unha década a Unión Europea esixe a España que amplíe a Rede Natura de forma urxente, sinalando o HIC Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* (4020) con *Erica Mackaiana* como prioritario para a súa inclusión na Rede Natura.

3. Afección severa ás masas de auga soterradas, acuíferos e captacións de auga para consumo humano e as explotacións agro-gandeiras da poligonal do parque:

Non avaliado pola promotora.

4. Afección ás zonas protexidas de auga potable (ZPAP) lineais e poligonais:

Non avaliado pola promotora.

5. Afección severa aos recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA). AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROXEOLÓXICO QUE GARANTA A CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS E SOTERRADAS E A NON AFECCIÓN AOS ACUÍFEROS:

Afección severa e prexuízos significativos e irreversibles para a bosque de ribeira. Os hábitats naturais de interese comunitario requiren de zonas de especial conservación conforme á Directiva 92/43/CEE do Consello do 21 de maio de 1992 relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. Non poden ser por tanto nin eliminados, nin degradados. A normativa citada indica expresamente que estes hábitats deben ser conservados e manterse nun estado de conservación favorable.

No ámbito da Demarcación Hidrográfica “Galicia-Costa”, na que se enmarca a área de estudo do Parque Eólico “Caaveiro” de 78 MW, a rede hidrolóxica superficial está representada principalmente polos ríos “Grande de Xubia”, “Castro” e “Belelle”, ademais doutros arroios e leitos sen denominación.

- O río Grande de Xubia atópase ao norte do aeroxenerador C15 reserva, e os ríos Castro e Belelle teñen 1 e 2 cruzamentos respectivamente con gabiás e viais do PE.

A LAAT 220 kV SE Caaveiro – SE Colectora As Pontes, ten 3 cruzamentos destacables, un ao principio da súa traza co río Belelle e dous no seu parte final cos ríos Maciñeira e Eume. Existen outros moitos cruzamentos con regos innominados que a mercantil promotora recoñece pero cuxos impactos non avalía.

O ámbito do proxecto aséntase sobre a demarcación “Galicia-Costa”, abarcando catro masas de auga soterradas distintas:

- 014-011 “Coruña-Betanzos-Ares-Ferrol”.
- 014-014 “San Sadurniño”

- 014-012 “Eume”
- 014-013 “As Pontes”

Afección ao curso do Río Beelle e afluentes.

O Río Beelle vese brutalmente afectado tanto pola presenza de aeroxeneradores nas proximidades da Fervenza, como polo paso da LAAT no tramo entre a Subestación Caaveiro 33/220 kV e o Núcleo Rural A Bouza (tramo entre os apoios Ap. 69, Ap. 68, Ap. 67, Ap. 66, Ap. 65, Ap. 64).

Os aeroxeneradores C03 e C04, atópanse nas inmediacións da Fervenza do Río Beelle, no Concello de Neda, a tan só 500 m, causando un impacto visual que o propio EsIA recoñece.

Por outra banda, o Rego Beelle, que desemboca nas proximidades da Fervenza do Beelle, conta con poboacións importantes de:

- *Woodwardia radicans*, especie de felgo macaronésico protexido, dado que figura no Anexo II da Directiva Hábitat (“especies de interese comunitario que requiren protección estrita”).
- *Dryopteris guanchica*, especie de felgo macaronésico, considerado “vulnerable” no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Cauce arriba, a LAAT afecta a un tramo de aproximadamente 2 quilómetros de río. O tramo de liña que se atopa entre o apoio 69 e o 64 discorre paralelamente ou invadindo o cauce do río Beelle e do seu afluente Rego Castelo:

- Entre o Ap. 69 e o Ap. 68 a liña invade dominio público de augas, discorrendo sobre o río durante uns 200 m e cruzando o cauce do Rego Formariz.
- Entre o Ap. 68 e o Ap. 67 a liña discorre paralela ao rego Castelo.
- Entre o Ap. 67 e o Ap. 65 permanece en dominio público de augas, discorrendo sobre o Rego Castelo e cruzando o seu cauce en tres ocasións.
- Entre o Ap. 65 e o Ap. 64 cruza de novo o Rego Castelo.

O río Beelle e os seus afluentes contan coa presenza de especies protexidas, tanto de flora como de fauna:

Fauna:

- *Chioglossa lusitanica* Bocage, especie endémica do noroeste peninsular, protexida polo Convenio de Berna, polo Catálogo Español de Especies Ameazadas (“vulnerable”), no Anexo II da Directiva Hábitat (“especies de interese comunitario que requiren protección estrita”) e na Lista Vermella da UICN (“vulnerable”).

Flora:

- *Dryopteris aemula*, felgo macaronésico, protexido pola Lista Vermella da flora vascular española coa categoría VU: B1+2b.
- *Hymenophyllum tunbrigense*, protexido pola Lista Vermella da UICN como VU B1+2b.

Cómpre sinalar que en concreto estas especies están presentes, non só no río Beelle senón de forma relevante no Rego Castelo.

6. Afección á paisaxe.

Cómpre ter en conta o establecido no DECRETO 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia:

“4.2.4.3. Parques eólicos.

DX.20. Os proxectos mediante os cales se materialicen os parques eólicos atenderán ás seguintes directrices:

As liñas de evacuación cara á rede de transporte planificaranse de forma conxunta co parque eólico, procurando buscar os mellores trazados, de acordo cos criterios sobre liñas eléctricas. Dentro das AEIP delimitadas no Catálogo das paisaxes de Galicia, estudarase a viabilidade de soterrar as liñas de evacuación.”

6.1 Prexuízos significativos e incompatibles coa Paisaxe, os valores paisaxísticos das comarcas afectadas polo plan de desenvolvemento eólico previsto pola mercantil promotora. Incremento do Feísmo Paisaxístico (aspecto este non avaliado pola promotora).

6.1.1-Áreas de especial interese paisaxístico (AEIP).

- Fragas e Fervenza do Beelle, a escasos 100 metros ao norte do aerogenerador máis próximo. Fervenza dunha beleza paisaxística extraordinaria.
- Monte Lagoa, dentro da poligonal do parque eólico.
- Castelo Moeche, dentro da poligonal do parque eólico.
- Pazo Marquesa – Xubia, dentro da poligonal do parque eólico.
- Fragas dos Casás: dentro da poligonal do parque eólico.
- Serra de Forgoselo, 1,1 Km ao leste do aerogenerador máis próximo.
- Fragas de Eume, a escasos 900 m ao sur do aerogenerador máis próximo.
- O Lago das Pontes, colidante co paso da LAAT 220 KV PE CAAVEIRO.
- Fraga de Carballeira a escasos metros da LAAT 220 KV PE CAAVEIRO.

6.1.2- Carreiros: destaca pola súa importancia o Camiño de Santiago, que na zona presenta tres dos seus roteiros ou itinerarios:

- **Camiño de Santiago: Camiño Inglés: a 1,5 Km ao Oeste do aerogenerador máis próximo.**

Ademais, localizamos outros carreiros e roteiros na zona:

- PRG 147 Sendeiro As Fragas da Ribeira e do Lostegal. A 2, 2 Km ao leste do final da LAAT 220 KV PE CAAVEIRO.
- Ruta dos Castelos e Mosteiros, atravesado pola LAAT na parroquia de Cabalar, Concello da Capela.

6.1.3- Miradoiros: dada a presenza das serras elevadas, atopamos os seguintes elementos que presentan importantes vistas panorámicas dentro da poligonal do parque eólico:

- Miradoiro Coto de Rei, a escasos 600 m ao sur do aerogenerador máis próximo.
- Miradoiro Fervenza ou Viladonelle a escasos 700 m ao leste do aerogenerador máis próximo.
- Miradoiro Monte Ancos, 620 m ao norte do aerogenerador máis próximo (e xunto ao aerogenerador c15 reserva).
- Miradoiro Ermida Chamorro, 8,5 Km ao oeste do aerogenerador máis próximo.
- Miradoiro Monte Lagoa, 9,6 Km ao noroeste do aerogenerador máis próximo.
- Miradoiro Esperón, 5,7 Km ao norte do aerogenerador máis próximo.
- Miradoiro Monte Agudo, 8,8 Km ao nordés do aerogenerador máis próximo.
- Miradoiro Caxado, 8,9 Km ao norte do paso da LAAT 220 KV PE CAAVEIRO.
- Miradoiro Dos Cerqueiros, 10 Km ao sur do paso da LAAT 220 KV PE CAAVEIRO.
- Miradoiro Teixeira 6,8 Km ao sueste do aerogenerador máis próximo.
- Miradoiro de Caaveiro, 3,5 Km ao sur do aerogenerador máis próximo.
- Miradoiro Castello dos Andrades- Nogueirosa, 6,4 Km ao suroeste do aerogenerador máis próximo.
- Miradoiro San Miguel de Bremao, 8,4 Km ao sueste do aerogenerador máis próximo.
- Miradoiro Periao de Barallbre, 5,0 Km ao oeste do aerogenerador máis próximo.
- Mirados Periao de Seixo 6,6 Km ao oeste do aerogenerador máis próximo.
- Miradoiro de Caranza, 5,1 Km ao oeste do aerogenerador máis próximo.

- Miradoiro Castelo do San Felipe, 11,7 km ao oeste do aeroxerador máis próximo.
- Miradoiro Castelo da Palma: 11,6 km ao oeste do aeroxerador máis próximo.
- Miradoiro Monte Ventoso 14,5 km ao oeste do aeroxerador máis próximo.
- Miradoiro A Baladora, 13 km ao oeste do aeroxerador máis próximo.
- Miradoiro San Carlos 13,9 km ao oeste do aeroxerador máis próximo.
- Miradoiro Alto de Campelo, 10,0 km ao noroeste do aeroxerador máis próximo.
- Miradoiro Punta Frouxeira, 11,6 km ao noroeste do aeroxerador máis próximo.
- Miradoiro Alderete 12,4 km ao norte do aeroxerador máis próximo.
- Miradoiro Coto de Forca, 13,9 km ao nordés do aeroxerador máis próximo.
- Miradoiro de Cabo Prior, 15,0 km ao oeste do aeroxerador máis próximo.
- Miradoiro Monte Pendella, 14,5 km ao sueste do aeroxerador máis próximo.

6.1.4- Patrimonio Cultural Material: dentro deste apartado, destacar os seguintes elementos.

- Camiño de Santiago: Camiño Inglés. 1,5 Km ao Oeste do aeroxerador máis próximo.
- Castelo Moeche 7,2 Km ao N do aeroxerador máis próximo.
- Castelo dos Andrades- Nogueirosa, 6,4 Km ao suroeste do aeroxerador máis próximo.
- San Miguel de Breamo, 8,4 Km ao sueste do aeroxerador máis próximo.
- Castelo de Naraío, 1,4 Km ao leste do aeroxerador máis próximo.
- Mosteiro San Martiño de Xubia; 3,5 Km ao oeste do aeroxerador máis próximo.
- Mosteiro de Santa Catalina: 12,5 Km ao oeste do aeroxerador máis próximo.
- Castelo e Baluartes de Ferrol: a 11,7 Km ao oeste do aeroxerador máis próximo.

A estes elementos principais hai que sumar a presenza de varias parroquias e igrexas na maior parte das poboacións, así como unha serie de elementos culturais como o Castelo de Andrade en Pontedeume, ou o Mosteiro de Caaveiro. Finalmente, sinalar celebracións tradicionais de interese como festas e romarías (festa do Pan en Neda, festa do Requeixo en A Capela, asalto ao Castelo en Moeche, etc).

7. Afección severa para os Lugares de interese xeolóxico e/ou xeomorfolóxico:

“Canón do Eume nas Fragas” e “Ría de Ares” nas proximidades da zona de actuación. Sitúanse a 3,1 km ao sur e 5,8 km cara ao suroeste respectivamente desde o aeroxerador C09 e dentro da poligonal dos parques proxectados. Impacto non avaliado pola promotora.

8. Afección severa aos Plans de protección e recuperación de especies aplicables á área xeográfica:

8.1 Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta, en perigo de extinción:

O artigo 3 do Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus L.subsp. lusitanica Steinbacher*) en Galicia indica:

“A finalidade do plan de recuperación, de acordo cos antecedentes e razóns que se expoñen no anexo I, é a de inverter a tendencia demográfica regresiva da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras en Galicia ata que se limite de xeito significativo o seu risco de extinción nun horizonte temporal de 20 anos, se acade a recuperación das localidades de reprodución coñecidas que se perderon e unha poboación reprodutora superior a 112 parellas”.

O propio proxecto inclúe o mapa no que se representan as zonas afectadas por dito Plan de recuperación, resultando que a totalidade da poligonal do PE Caaveiro e boa parte das súas estruturas de evacuación se atopan incluídas neste espazo. Por outra, nas proximidades do PE Caaveiro, nas Fragas do Eume, sinálase unha Área Prioritaria Avifauna.

Recoñece o Esla, asimismo, que será preceptivo informe favorable específico da Dirección Xeral competente, previa á concesión da autorización.

O referido plan tamén indica na súa exposición de motivos que:

"A aprobación deste plan executivo vincula tanto os particulares como as administracións competentes, que deben cumprir as directrices e actuacións contidas neste decreto".

"Debido ao declive poboacional estimado e ao reducido tamaño da poboación actual, a subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras aparece recollida no anexo I do Decreto 88/2007 na categoría «en perigo de extinción». Esta categoría está reservada para aquelas especies cuxa supervivencia é pouco probable se os factores causantes da súa actual situación seguen actuando."

"A finalidade do plan de recuperación, de acordo cos antecedentes e razóns que se expoñen no anexo I, é a de inverter a tendencia demográfica regresiva da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras en Galicia ata que se limite de xeito significativo o seu risco de extinción nun horizonte temporal de 20 anos, se acade a recuperación das localidades de reprodución coñecidas que se perderon e unha poboación reprodutora superior a 112 parellas".

Sen embargo, este obxectivo de recuperación previsto no Decreto do ano 2013 queda moi lonxe da realidade e a situación da especie é de especial gravidade. No Censo de Escribenta das canaveiras *Emberiza schoeniclus lusitanica* en Galicia 2018, indícase a priori, que a especie debería empezar a dar sinais de recuperación en Galicia. A pesar da súa vulnerable situación, é unha das escasísimas especies ameazadas que conta cun plan de recuperación aprobado pola Xunta. Mais os resultados dun novo censo volven advertir da necesidade de medidas efectivas. "Segundo os datos dispoñibles, quedarían unhas 20 parellas reprodutoras en Galicia fronte ás case 70 censadas en 2005, o que supón unha redución de arredor do 70% en tan só 13 anos", advirte o traballo, realizado por Emilio Martínez Sabarís, Xabier Prieto Espiñeira, José Ramón Castro Gómez, José Luis Rabuñal Patiño, Cosme Damián Romay Cousido, Álvaro Rodríguez Pomares e Francisco Rosende Maneiro.

8.2 Afección ao Plan de Xestión do Lobo de Galicia.

A zona de afección do PE Caaveiro atópase en "Zona 2" do Plan de Xestión do Lobo de Galicia.

A totalidade das infraestruturas eólicas fragmentan os hábitats das especies producindo prexuízos significativos para unha especie de marcado carácter territorial. Os lobos son TERRITORIAIS, e os individuos que sexan desprazados a un territorio alleo no que non estean abertos a aceptar elementos novos, serán eliminados. O 70% dos lobos que morren por causas naturais sono por esta causa. O Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e o Medio Natural de Europa, foi asinado en Estrasburgo (Francia) en 1979. Este convenio incluíu ao lobo no Anexo II "Especies de fauna estritamente protexidas", constanding as prohibicións correspondentes no seu art. 6.

Este Convenio debe o seu valor a tres características fundamentais: o seu carácter xeneralista, a concepción da lista única de especies e a incorporación da política conservacionista na planificación económica, especialmente no relacionado coa protección dos hábitats (artigos 3 e 4).

O artigo 56 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a protección para todas as especies amparadas por tratados e convenios internacionais, como o de Berna, ratificado por España, polo que en caso de non ter dita consideración estaríamos ante un incumprimento flagrante das obrigacións derivadas do Convenio de Berna, e da subseguinte Directiva Hábitats 92/43/CEE, en relación a unha especie protexida e de interese comunitario como o Lobo.

8.3 LACERTA VIVÍPARA:

Non podemos considerar que sexa estritamente unha especie ameazada, xa que pode ser mesmo localmente abundante, pero **a vinculación con hábitats moi específicos fai que a distribución desta especie sexa descontinua e que algunhas poboacións sexan moi vulnerables ás alteracións dos seus biótopos característicos.**

8.4 Afección a poboacións de *Circus Cyaneus* e *Circus Pygargus*. Vulnerables.

Entre as medidas compensatorias propostas pola propia promotora, desenvólvese un programa para seguimento das poboacións da gatafornela (*Circus Cyaneus*) e da tartaraña cincenta (*Circus Pygargus*), ambas descritas como vulnerables nos catálogos oficiais pero para as cales algunhas persoas expertas solicitan o estatus de “en perigo de extinción”. Polo tanto, aínda que non figura o nome destas dúas especies no inventario de aves realizado pola promotora, inclúen un último punto no que se fai constar “outras aves rapaces”, que entendemos se refire a estas dúas especies dado que se deciden tomar medidas compensatorias relativas ás mesmas.

8.5 Ausencia dun estudo do impacto sobre a avifauna

Da macrozona de aproveitamento eólico que se pretende instalar no cadrante noroeste da provincia da Coruña pon de manifesto a problemática de omitir o estudo de impacto ambiental do macroproxecto na súa totalidade. O EsIA reconece que os aeroxeneradores producen un efecto barreira para a avifauna. Indica tamén que os efectos son “de intensidade alta, permanentes e irreversible, directos, sinérgicos y acumulativos”. Afirmar tamén que o maior risco será a mortandade causada por colisión e que ten consecuencias na nidificación, no campeo e na alimentación.

Engadimos que falta un estudo referente á posible interferencia do cúmulo de parques eólicos planificados coas vías migratorias durante o paso de aves.

8.6 Quirópteros. Aportamos a información facilitada por “Morcegos de Galicia”:

1. “Os parques eólicos convertéronse na primeira causa de mortalidade dos morcegos (O. Chiroptera) a nivel mundial¹. O número de incidencias é superior ao das aves², e chega a comprometer o futuro dalgunhas especies³. A preocupación por este elevado e continuado número de incidencias (en España estimado por Sánchez-Navarro⁴ a principios da década entre 50.000 e 250.000 morcegos mortos anualmente) motivou as alertas da comunidade científica e deu lugar á elaboración de directrices especiais en numerosos países e por parte de diferentes organismos, entre os que destacamos a Bats and Wind Energy Cooperative (<http://batsandwind.org/>), UNEP/EUROBATS (<https://www.eurobats.org/node/874>) e, en España, SECEMU⁵.
2. A propia Comisión Europea reconece a gravidade da situación e editou un documento de orientación sobre o desenvolvemento da enerxía eólica e a lexislación da Unión Europea sobre a natureza⁶ (EC, 2020) que indica expresamente que debe ser utilizado en conxunto coa lexislación comunitaria. Neste documento, baseado nas directrices de UNEP/EUROBATS, inclúese numerosa información relacionada cos quirópteros que debe ser considerada na avaliación ambiental deste tipo de infraestruturas enerxéticas.
3. Dada a situación, a aplicación dos métodos de avaliación de impacto debe ser particularmente rigorosa e a

¹ O’Shea, T. J., P. M. Cryan, D. T. Hayman, R. K. Plowright, & D. G. Streicker, 2016: Multiple mortality events in bats: a global review. *Mammal Review*, 46(3), 175-190.

² Smallwood, K. S., 2013: Comparing bird and bat fatality-rate estimates among North American wind energy projects. *Wildlife Society Bulletin*, 37(1): 19-33.

Schuster, E., L. Bulling & J. Köppel, 2015: Consolidating the State of Knowledge: A Synoptical Review of Wind Energy’s. *Wildlife Effects Environmental Management*, 56: 300–331. DOI 10.1007/s00267-015-0501-5.

Rydell, J., H. R. Ottvall, S. Pettersson & M. Green, 2017: The effect of wind power on birds and bats. an updated synthesis report 2017. VINDVAL. The Swedish Environmental Protection Agency. Bromma, Sweden.

Allison, T. D., J. E. Diffendorfer, E. F. Baerwald, J. A. Beston, D. Drake, A. M. Hale, Cris D. Hein, M. M. Huso, S. R. Loss, J. E. Lovich, M. D. Strickland, K. A. Williams & V. L. Winder, 2019: Impacts to wildlife of wind energy siting and operation in the United States. *Issues in Ecology*, Report No. 21: 1-23

³Frick et al., 2017

⁴ Sánchez Navarro S, J. Berrío-Martínez & C. Ibáñez, 2012: Patrones de mortalidad de murciélagos en Parques Eólicos del Sur de la Península Ibérica. Póster, I Congreso Ibérico sobre Energía Eólica y Conservación de la Fauna, Jerez, Cádiz, enero 2012.

⁵ González, F., J. T. Alcalde, & C. Ibáñez, 2013: Directrices básicas para el estudio del impacto de instalaciones eólicas sobre poblaciones de murciélagos en España. SECEMU. *Barbastella*, 6 (núm. especial): 1-31

⁶ EC, 2020: Commission notice. Guidance document on wind energy developments and EU nature legislation. European Commission. Brussels, 18.11.2020 C(2020) 7730 final.

calidade da información aportada resulta fundamental para avaliar correctamente o impacto dos parques eólicos sobre as poboacións de morcegos.

4. O estudo dos quirópteros do proxecto de PE Caaveiro foi realizado en 4 xornadas nocturnas, con só 460 minutos de gravación, insuficientes para coñecer as especies e ter unha estima das poboacións que podan verse afectadas polo parque eólico. A metodoloxía a aplicar ten que ser a recomendada por EUROBATS⁷ ou a SECEMU⁸, usando detectores acústicos pasivos e ter como mínimo varias noites cada mes durante o período de actividade, como mínimo entre abril e outubro ambos meses incluídos.
5. Ademais do escaso tempo de mostraxe só foron realizadas en xullo e agosto, tendo en conta que o período de actividade dos morcegos é máis amplo e que ao final do verán e outono é de gran importancia para detectar movementos dos morcegos, sendo tamén os meses que ocorren máis colisións coas pás.
6. Non foi realizado un estudo dos refuxios de morcegos na zona, onde hai especies cavernícolas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas e son pouco probables de detectar acusticamente como por exemplo os morcegos de ferradura, presentes na zona.

ALEGACIÓN SÉTIMA: afección sobre o solo

1. Prexuízos significativos para os chans e o medio ambiente:

O chan é un recurso natural non renovable e finito cuxo proceso de formación tómase centos de anos. Son unha parte fundamental no equilibrio dos ecosistemas: funciona como filtro e amortiguador ao reter substancias, protexe as augas subterráneas e superficiais contra a penetración de axentes nocivos e transforma compostos orgánicos descompoñéndoos ou modificando a súa estrutura conseguindo a mineralización.

A implantación dos eólicos proxectados do parque eólico Caaveiro, ao igual que os outros cinco parques eólicos que a promotora prevé desenvolver no mesmo ámbito xeográfico, alteraría os ciclos bioxeoquímicos dos chans. A degradación que sofren os chans supón unha ameaza á capacidade deste recurso para satisfacer as necesidades das futuras xeracións.

Coa implantación das cimentacións dos parques, as escavacións e remocións de toneladas de terras durante a súa instalación, elimínase a materia orgánica dos chans e pérdese a produtividade destes. Non só se produce un cambio de usos (agrícolas de cultivo, de pasteiros ou forestais). Tamén se produce unha transformación urbanística non amparada legalmente, ao quedar os chans erosionados e perder de forma irreversible a súa produtividade orixinaria.

A Lei do chan de Galicia aposta na súa exposición de motivos pola protección territorial e, en particular, pola defensa e respecto do chan rústico, xa sexa pola afección ao dominio público ou pola presenza de valores merecedores de especial salvagarda. Así o indica literalmente:

Así o artigo 34 dá Lei 2/2006 do Chan de Galicia indica respecto ao “Chan rústico de especial protección” que:

“4. Cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria”, pero entendendo en base ao indicado na exposición de motivos da lei, que no caso de non poder complementarse prevalecerá aquel que máis protexa o chan rústico e en ningún caso, aquel que poida alterar de forma irreversible a funcionalidade deste como é o caso das infraestruturas eólicas proxectadas.”

⁷ Rodrigues, L., L. Bach, M. J. Dubourg-Savage, B. Kaparandza, D. Kovac, T. Kervyn, J. Dekker, A. Kepel, P. Bach, J. Collins, C. Harbusch, K. Park, B. Micevski & J. Minderman, 2015: Guidelines for consideration of bats in wind farm projects - Revision 2014. Eurobats Publication Series No 6. (English version). UNEP/Eurobats Secretariat. Bonn, Germany.

⁸ González, F., J. T. Alcalde, & C. Ibáñez, 2013: Directrices básicas para el estudio del impacto de instalaciones eólicas sobre poblaciones de murciélagos en España. SECEMU. Barbastella, 6 (núm. especial): 1-31.

De feito, o artigo 35.2 indíca que: “Os restantes usos en chan rústico son usos prohibidos”, sobre todo aqueles que alteren de forma irreversible a súa funcionalidade.

ALEGACIÓN OITAVA: afección aos planeamentos urbanísticos municipais dos municipios afectados polo PE Caaveiro.

A mercantil promotora propón a modificación de cualificación urbanística e regulación detallada do uso pormenorizado para recalificalo como chan rústico de especial protección de infraestruturas.

De acordo co previsto no Artigo 34.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia, cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico de especial protección, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria, prevalecendo aquel que outorgue unha maior protección (que neste caso non é o chan de infraestruturas). **Polo tanto, desde o punto de vista urbanístico o proxecto eólico CAAVEIRO é incompatible. A promotora pretende unha recualificación urbanística non amparada legalmente en relación ao chan rústico de protección forestal, chan rústico de protección de cauces, o chan rústico de protección paisaxística e o chan rústico de protección de espazos naturais.**

ALEGACIÓN NOVENA: afección sobre a economía local

1. Prexuízos significativos para as explotacións gandeiras, agrícolas e forestais da área de afección do proxecto. incompatibilidade do proxecto coa Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia.

Como expuxemos máis arriba, o territorio do Concello da Capela está cualificado nunha porcentaxe elevadísima como Solo Rústico de Protección Agropecuaria e Solo Rústico de Protección Forestal (entre outras figuras de protección do solo aplicables). Isto significa que a economía continúa dependendo en boa medida das actividades agropecuarias e forestais, sendo característica unha organización da economía familiar na que xoga un papel importante a diversificación de actividades económicas e laborais vencelladas a estes usos do solo.

Por outra banda, é de obrigado cumprimento, por medio da lei 1/2021 de Ordenación do Territorio de Galicia, en consonancia coa normativa comunitaria, adaptar os procedementos tendo en conta a necesidade de avanzar cara á igualdade efectiva entre mulleres e homes. A promotora indica, ademais, que tan só o 25% dos postos de traballo do sector son ocupados por mulleres.

1.2 Ausencia de avaliación do sector forestal da comarca e a súa relevancia na economía dos municipios de afección do proxecto eólico, como complemento dos ingresos das economías familiares e subministrador de madeira para as carpinterías e aserradoiros da zona.

O proxecto fragmentará as explotacións forestais e madeireiras, que ao igual que na comarca limítrofe de Bergantiños, constitúen unha importante fonte de ingresos que complementa ás economías familiares.

Por outra banda, e tendo en conta o marcado carácter forestal destes municipios e a relevancia dos rendementos madeireiros e das explotacións forestais como complemento das economías domésticas, cómpre lembrar que a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia indica na súa exposición de motivos que:

“Pero a importancia do sector forestal non reside só nas cifras macroeconómicas, claros expoñentes da súa importancia, senón que, como xa indicamos, desempeña unha función básica na fixación da poboación no rural. En comarcas como as de Lugo, A Fonsagrada, A Terra Chá, Bergantiños, Fisterra, A Limia ou Verín, a forestal figura entre as tres primeiras actividades industriais por emprego xerado, pois o 70 % destas empresas aséntase en poboacións de menos de 5.000 habitantes. En consecuencia, un dos obxectivos prioritarios desta nova norma é colaborar e impulsar a organización do territorio galego, equilibrando os usos do solo, permitindo un adecuado aproveitamento dos recursos e, ao mesmo tempo, colaborando no mantemento das explotacións agrarias existentes, axilizando a súa posibilidade de crecemento e

consolidación como factor básico que minimice, na medida do posible, o abandono do rural e consiga frear o envellecemento demográfico e o despoboamento, posibilitando a fixación da poboación. Esta lei xorde nun momento en que o abandono agrario segue a tendencia ao incremento da superficie forestal. Neste contexto, e co obxectivo de consolidar e mellorar as superficies forestais, é importante acadar o equilibrio de usos, eliminando en gran parte o risco de desaparición e, con iso, a imposibilidade de realizar un adecuado aproveitamento racional e multifuncional”

“No ámbito forestal, Galicia ocupa, no conxunto do territorio nacional, un lugar esencial. É, sen lugar a dúbidas, a maior potencia forestal de España e unha das máis importantes de Europa. A súa superficie forestal arborada representa o 48 % da totalidade da Comunidade Autónoma, superando as 1.400.000 hectáreas e cunha alta produción de madeira, próxima ao 45 % da produción nacional. Esta é a razón pola cal o incremento da masa arborada en cantidade e calidade constitúe un obxectivo básico, non só do sector forestal en particular, senón da sociedade galega do século XXI no seu conxunto, garantindo o aproveitamento continuado dos recursos forestais, especificamente da madeira, que segue a ser, nestes momentos, o segundo produto deficitario na Unión Europea –tras o enerxético–, o que pode supoñer unha vía de ordenación territorial que posibilite un freo ao abandono sistemático das explotacións do rural de Galicia e permita, a través do desenvolvemento de explotacións e industrias forestais, a fixación da poboación, co cal se evitaría o despoboamento e a crise demográfica que atenazan o mundo rural galego.”

O monte, ademais da importancia económica e social referenciada en Galicia, ten unha función medioambiental que se recoñece e acrecenta progresivamente. A relación da sociedade galega co monte evolucionou considerablemente desde o último terzo do século pasado, xerando unha nova configuración baseada na esixencia do desenvolvemento sustentable e do aproveitamento racional dos recursos forestais. Así, os bosques aparecen como un elemento básico da estratexia ambiental como reservorios e depósitos de fixación de carbono, que chegan a fixar hoxe máis de 42 millóns de toneladas, o que os converte en piares fundamentais para o cumprimento dos compromisos adquiridos no Protocolo de Kioto.

O monte é, ademais, un espazo que determina a paisaxe e a identidade da nosa comunidade, ao tempo que ten un compoñente social de recreo, de lugar de encontro, lúdico e de gozo dos cidadáns. A lei trata de compatibilizar a funcionalidade medioambiental, social e estética do monte, cuxos beneficios intanxibles son aproveitados por toda a sociedade, e uns lexítimos beneficios directos que corresponden aos seus titulares. De aí que a lei persiga, como un dos seus obxectivos fundamentais, adaptar a realidade forestal galega ás esixencias, cada vez maiores, dunha sociedade, madura e moderna, como a de Galicia, que debe coonestarse cos dereitos á percepción de rendas, froitos e utilidades dos propietarios forestais e dos silvicultores”.

Por outra banda no Proxecto de Lei de cambio climático e transición enerxética (Boletín oficial das Cortes Xerais Senado XIV Lexislatura, Núm. 170 de 14 de abril de 2021), arestora en tramitación no Senado, establece no seu artigo 25 relativo ao “Desenvolvemento rural: política agraria, política forestal e enerxías renovables”:

O Goberno incorporará na aplicación da Política Agraria Común, así como noutras estratexias, plans e programas en materia de política agraria e de desenvolvemento rural, e no Plan Forestal Español, medidas encamiñadas a reducir a vulnerabilidade ao cambio climático dos chans agrícolas, dos montes e dos chans forestais e para facilitar a preservación dos mesmos, entre elas, a elaboración dun mapa de vulnerabilidade, así como a avaliación e promoción de sistemas agrícolas e prácticas de xestión forestal sostibles para aumentar a súa resiliencia fronte ao cambio climático, que fomentarán en todo caso as sinerxias coa redución de emisións de gases de efecto invernadoiro nestes ecosistemas”.

1.2 Deber da Dirección Xeral Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, **de informar sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste**, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico, en tanto en canto como ben di a exposición de motivos da referida lei, **o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego.**

2. Turismo.

O Parque Natural Fragas do Eume, ademais dun espazo de recoñecido interese natural supón tamén un gran atractivo para o turismo. De feito, a pesar das medidas adoptadas para racionalizar o acceso ao parque, recibe anualmente unhas 30.000 visitas provenientes de distintos puntos da xeografía galega, estatal e internacional. Non debemos esquecer que se trata dun dos bosques atlánticos de ribeira mellor conservados de Europa. Neste sentido, a preservación do medio natural, tanto do propio parque como das súas inmediacións, e da paisaxe son elementos chave para a permanencia deste sector económico que propicia a reactivación do sector servizos en toda a contorna.

Outros lugares de interese turístico, vinculados sempre ao turismo verde son os distintos camiños e rutas, así como espazos de especial beleza como son os Montes da Louseira, do Forgoselo e da Serra, así como a Fervenza do Río Beelle, no Concello de Neda. O propio proxecto recoñece o impacto visual que supón a proximidade dos aeroxeneradores a este espazo, sen que iso supoña alterar o plan previsto.

3. Falla de avaliación do posible éxodo poboacional e o despoboamento do rural como consecuencia da implantación masiva e desordenada de parques eólicos sobre o mesmo territorio.

A mercantil promotora non avalía o impacto da estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación sobre o benestar das familias dos núcleos habitados e o posible éxodo poboacional que se pode dar derivado da mancha de estacións eólicas que hai no territorio e outras infraestruturas, que dificultan a vida no rural e a sustentabilidade e viabilidade das explotacións forestais e agro-gandeiras (o feito coñecido como despoboamento do rural ou España baleirada).

ALEGACIÓN DÉCIMA: Afección ás vivendas e sobre a saúde

1.- Aeroxeneradores. O maior impacto sobre vivendas no termo municipal de a Capela vén dado pola proximidade dos aeroxeneradores C07, C08, C09, principalmente o C07, que afectan ao núcleo de poboación O Teixo e a unha vivenda illada que se atopa nas proximidades. O núcleo rural O Teixo atópase a 365 m e a casa illada a 285 m con respecto do aeroxenerador C07. Incúmprase desta maneira a normativa vixente relativa ás distancias mínimas de instalación de aeroxeneradores con respecto dos núcleos rurais.

Algúns dos **efectos prexudiciais** que ocasiona a proximidade de aeroxeneradores **ás vivendas e a saúde** son:

- a) O risco de modificación dos cauces de augas subterráneas que pode implicar perda de fontes de auga potable ou para uso agro-gandeiro.
- b) O risco de danos aos acuíferos durante a fase de instalación.
- c) En ambos casos, risco de verquido de substancias nocivas a raíz da liberación de metais pesados durante a fase de instalación.
- d) Exposición continuada ao “efecto discoteca”, pola alternancia de fases de luz e sombra.
- e) Exposición continuada campos electromagnéticos ocasionados pola fricción das palas co aire circundante.
- f) Exposición continuada a ruídos. Segundo figura no mapa aportado pola empresa no EsIA:
 - Ata unha distancia de 2.500 m aproximadamente percibiríase un son de entre 30 e 35 dB, que se corresponde co son do vento contra as árbores
 - Ata uns 550 m percibiríanse entre 35 e 40 dB, correspondentes unha conversa en voz baixa.
 - Ata uns 300 m chegarían entre 40 e 45 dB, que supón o son nun despacho tranquilo.
 - A 100 m de distancia o son sería duns 45-50 dB, similar a unha conversa en voz alta.
 - O máximo nivel sonoro que se alcanzaría, na base do aeroxerador, 103 dB, correspóndese co ruído dunha motocicleta co escape ruidoso.

O núcleo do Teixo atoparíase na franxa entre os 35 e 40 dB. A casa illada nas súas proximidades estaría na franxa entre 40 e 45 dB. Estar sometido a ruído continuado ao longo das 24 horas do día, todos os días, supón un descenso importante da calidade de vida.

- g) Aumento do risco de incendios, pola elevación da temperatura a causa da fricción das palas contra o aire. A Capela atópase nunha área de risco alto de incendios forestais.
- h) Recualificación de terreos, coas súas correspondentes normas de mantemento e uso.
- i) Devaluación no mercado dos terreos e dos bens inmobles a causa da proximidade das instalación do Parque Eólico.

2.- Liña de Alta Tensión. Discorre por unha zona de afección de cauces fluviais, con zonas de bosque de ribeira e bosque de uso forestal, prados de uso agropecuario, zonas de monte baixo e cunha gran cantidade de pequenos núcleos rurais dispersos e vivendas illadas. O estudo de alternativas non semella serio e probablemente se guía máis por intereses económicos da promotora que pola vontade de preservar no posible a afección sobre os distintos valores do territorio, tanto no tocante ao uso dos solos como, especialmente polo impacto sobre os asentamentos de poboación.

Atópanse especialmente afectados pola presenza da LAAT os seguintes núcleos rurais e vivendas illadas.

As Lobateiras
O Sabugueiro
O Bidueiro
A Porta
O Cruceiro
A Xesteira
Cenzo
A Corveira

Os Enxertados
A Graña
A Buíña
A Castiñeira
Vivenda illada na Buíña
Vivenda illada na Chabola
Vilar de Mouros
Formariz

3. Efectos da exposición continuada a campos electromagnéticos.

No tocante ás distancias mínimas para a preservación da saúde fronte aos riscos electromagnéticos, a normativa vixente apenas se preocupa por esta cuestión, establecendo tan só a prevención de accidentes e non tanto dos efectos sobre a saúde da exposición permanente a campos electromagnéticos.

A nosa argumentación neste senso repousa en tres elementos:

1º . Xurisprudencia:

Auto de Casación do recurso 2827 /2001 da Sala Civil do Tribunal Supremo, Madrid, 28/9/2005. Sentencia 80/2001 da Sección 1ª da Audiencia Provincial de 13/2/2001 que establece que o valor límite de inmisión do campo electromagnético procedente do transformador ao interior da vivenda debe ser nulo (0'0 μ T).

Sentencia 204/2005 da Sección Terceira da Audiencia Provincial de Castellón. 5/5/2005.

Ambas sentencias baséanse na existencia de riscos para a saúde determinados por varios estudos científicos nos últimos anos. Os riscos para a saúde son principalmente os seguintes: de contraer leucemia, tumores cerebrais, Alzheimer, esclerose lateral amiotrófica, danos ao esperma e á cadea de ADN.

2º Estudos de referencia que alertan sobre estes riscos:

- Estudo NIEHS, realizado en 1999 polo Instituto Nacional de Ciencias da Saúde Ambiental, Institutos Nacionais de Saúde e Departamento de Enerxía dos Estados Unidos.
- O Estudo elaborado en 2005 polo Grupo de investigación sobre cancro infantil da Universidade de Oxford
- Bioinitiative Report realizado en 2007.
- Alianza Internacional de Campos Electromagnéticos (IEMFA), realizado en 2011. Informe e declaración de consenso científico sobre os riscos dos campos electromagnéticos, incluídos os de frecuencia extremadamente baixa.
- Ministerio de Sanidad y Consumo do goberno holandés. Informe "Avaliación actualizada dos campos electromagnéticos en relación coa saúde pública.
- Comité Científico Director da Unión Europea en Toxicoloxía, Ecotoxicoloxía e Medio Ambiente.

3º A partir das evidencias que expoñen estes informes, a **Asemblea Parlamentaria da Unión Europea** adoptou diversas recomendacións entre as que se atopa a do principio de precaución, que pode invocarse *“cando se tivesen detectado os efectos potencialmente perigosos dun fenómeno, dun produto ou dun procedemento mediante unha avaliación científica e obxectiva que, pola súa parte, non permite determinar o risco con certeza suficiente.”*

4º **Diversos países europeos están comezando a modificar as súas normativas** para ser menos lasos en canto a establecer os niveis máximos de exposición continuada e as distancias con respecto das vivendas das liñas de alta tensión.

5º **A Resolución do Parlamento Europeo, do 2 de abril de 2009** *“Pide que se preste especial atención aos efectos biolóxicos cando se avalíe o posible impacto sobre a saúde das radiacións electromagnéticas (...); pide que se investigue activamente sobre os posibles riscos para a saúde e se chegue a solucións que anulen ou reduzan a pulsación e a modulación da amplitude das frecuencias que se usan para a transmisión”* É significativo o punto 27 onde *“Manifiesta a súa profunda preocupación polo feito de que as compañías de seguros tendan a excluír a cobertura dos riscos vinculados aos CEM das pólizas de responsabilidade civil, o que significa claramente que as aseguradoras europeas xa están aplicando a súa propia versión do principio de cautela”*.

6º **A Declaración de Seletun de febreiro de 2011**, asinada por investigadores, científicos e médicos independentes, fai un chamamento urxente para que se rebaxen radicalmente os estándares sobre a contaminación producida por campos electromagnéticos.

7º **A isto hai que engadir a obriga que establece a lei de estudar as diferentes alternativas de ubicación dos proxectos:**

Decreto-ley 16/2019, de 26 de novembro, de medidas urgentes para la emergencia climática y el impulso a las energías renovables.

“Artículo 11. Consulta previa sobre la viabilidad del emplazamiento de un parque eólico o una planta solar fotovoltaica.

11.2 La consulta sobre la viabilidad del emplazamiento y la solicitud de pronunciamiento sobre la amplitud y nivel de detalle del estudio de impacto ambiental deben efectuarse a través de la Oficina de Gestión Empresarial (OGE) adjuntando la siguiente documentación:

(...)

c) Un estudio que justifique las principales alternativas consideradas y que contenga un análisis de los potenciales impactos de cada una de ellas.”

En consecuencia, aténdose ao principio de precaución instado polo Tribunal Supremo e á obriga de estudar todas as alternativas relativas á idoneidade de ubicación, concluímos que os proxecto presentado pola promotora non se axusta á necesaria previsión dos posibles riscos sobre a saúde e a calidade de vida dos territorios onde pretende asentarse a súa actividade a empresa.

2. No tocante á contaminación acústica procedente da LAAT, o proxecto carece de estudo ao respecto, a pesar de que esta será percibible a un nivel de 30 dB ata unha distancia de 500 m.

Efectos provocados por unha exposición a niveis de ruído continuados: dores de cabeza, alteracións do sono e insomnio, aumento da irritabilidade e aumento de accidentes laborais debido á diminución da atención.

CONCLUSIÓN:

O Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Caaveiro presenta unha serie de taras e problemas de forma que fan imposible a continuación do expediente sen a súa subsanación. Por outra banda, a pretensión da empresa promotora de establecer un macrocomplejo de explotación eólica no cadrante noroeste da provincia da Coruña ten unhas consecuencias que exceden con moito a extensión do proxecto ao que aquí se alega, causando indefensión á cidadanía ao privala do dereito fundamental á participación nos asuntos públicos. Os impactos sobre os espazos naturais, sobre o patrimonio

cultural, a paisaxe, sobre a economía local e sobre as formas de vida e a saúde non se axustan ao marco normativo actual sobre o desenvolvemento sustentable e a ordenación do territorio.

Por todo isto, **SOLICITA:**

1.- O rexeitamento do Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Caaveiro de 78 MW e a súa infraestrutura de evacuación na provincia da Coruña. «BOE» núm. 142, do 15 de xuño de 2021. Código do proxecto: PEol-431, e a súa retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licenza social.

2.-SIRVAN AS PRESENTES ALEGACIONES COMO NOTIFICACION PREVIA DESTE ASUNTO, QUE VAI A SER OPORTUNAMENTE RATIFICADA PARA O CASO DE PROGRESO DA SOLICITUDE RELATIVA AO PARQUE EÓLICO CAAVERIO (CÓDIGO DE PROXECTO: PEOL-431) E PROGRESO DA MESMA, DEBENDO OS PROMOTORES ENFRENTARSE AOS PROCEDIMENTOS XUDICIAIS QUE SE INICIEN (CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS E PENAIS), ASI COMO, ÁS INDEMNIZACIONES QUE PROCEDAN, CON RESPONSABILIDADE SUBSIDIARIA DE QUEN AUTORIZA SEN TER EN CONTA OS DEFECTOS DOS QUE SE LLE PON EN COÑECEMENTO.

3.- Téñase en conta que o Inventario de Humidais de Galicia non recolle ningún humidal. Téñase en conta que, ademais dunha impresionante e exclusiva biodiversidade, calcúlase que unha hectárea de turbeira pode almacenar entre 3 e 3,5 veces máis carbono que unha hectárea de bosque tropical, reducindo a emisión de gases de efecto invernadoiro e o quecemento global do planeta, polo que é fundamental a conservación destes sumidoiros e acumuladores de carbono.

4.- Téñase en conta que o Plan Sectorial Eólico de Galicia é un regulamento que non está adaptado a actual normativa de avaliación de impacto ambiental e que está desfasado, caduco e obsoleto e que carece de avaliación ambiental estratéxica. Ademais nunca chegou a publicarse integramente o seu texto e as correspondentes modificacións do mesmo no Diario Oficial de Galicia vulnerándose o artigo 9.3 da Constitución española (principio de publicidade das normas e principio de seguridade xurídica).

5.- Teñan en conta que en consonancia co anterior estase a vulnerar unha mancha de normativa que xera indefensión para a cidadanía como:

- Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental e o Convenio de Aarhus de 1998 sobre o acceso á información, a participación do público e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que garanten o acceso público a información ambiental que obre en poder das autoridades públicas ou doutras entidades no seu nome, tanto cando se lles solicite como mediante divulgación activa.
- Decisión 2005/370/CE do Consello, do 17 de febreiro de 2005 sobre a celebración, en nome da Comunidade Europea, do Convenio sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 124 de 17.5.2005, pp. 1-3).
- Regulamento (CE) nº. 1367/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativo á aplicación, ás institucións e aos organismos comunitarios, das disposicións do Convenio de Aarhus sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 264 de 25.9.2006, pp. 13-19).
- Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.
- Lei 7/2012, de 28 de xuño de Montes de Galicia.

6.- Que por parte do Consello da Cultura Galega, máximo órgano asesor da Xunta de Galicia en materia de cultura, se informe sobre a compatibilidade do proxecto da estación eólica Caaveiro e os outros cinco parques eólicos que conforman o plan industrial de desenvolvemento eólico da mercantil promotora na mesma área de actuación, cos valores culturais, paisaxísticos e ambientais da área de afección do conxunto dos proxectos aos que fai referencia o proxecto eólico Caaveiro.

7.- Que por parte da Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico Caaveiro e os outros cinco parques que configuran o plan industrial de desenvolvemento eólico da mercantil promotora, en tanto en canto como ben di a exposición de motivos da referida lei, o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego.

8.- Someta o Plan industrial de desenvolvemento eólico que Enel Green Power España S.L. prevé para as comarcas do Eume e Ferrol-Terra fundamentalmente, á correspondente avaliación ambiental estratéxica, tal e como establece a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental para a incorporación dos criterios de sustentabilidade na toma de decisións estratéxicas para as comarcas afectadas.

9.- Someta ao trámite de información pública e de xeito conxunto, os estudos de impacto ambiental dos seis parques eólicos que promove a mercantil Enel Green Power España S.L. (parques eólicos Caaveiro, Tesouro, Barqueiro, Badulaque, Santuario e Moeche) coas súas respectivas instalacións de conexión e liñas de evacuación, xa que logo, a tramitación ambiental independente de cada un deles impide a avaliación ambiental global, sumativa e acumulada dos impactos da totalidade dos parques que a promotora prevé desenvolver na mesma área xeográfica.

10.- Relación de axudas públicas e contías recibidas pola empresa promotora Enel Green Power España S.L tanto do Estado español como do Banco Europeo de Inversións para o desenvolvemento do plan industrial de desenvolvemento eólico configurado polos seis parques eólicos Caaveiro, Tesouro, Barqueiro, Badulaque, Santuario e Moeche e a súas infraestruturas asociadas.

11.- Que por parte do Comité Científico da Reserva da Biosfera Terras do Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo se emita informe sobre a compatibilidade e prevalencias dos usos do proxecto da estación eólica Caaveiro e os outros cinco parques previstos dentro do plan industrial da promotora e as súas infraestruturas de evacuación cos valores propios da área de afección do proxecto e merecedores da máis alta consideración aos efectos de seren incluídos dentro da figura de protección Reservas da Biosfera.

En _____, a _____ de xullo de 2021

Asdo.- _____